

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES

**ROTEIRO
8 DE MARZO**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



8 DE MARZO,
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES
A CORUÑA, 2017

ROTEIRO 8 DE MARZO

PARADAS



PRAZA ELVIRA BAO:

Mestras, parteiras, enfermeiras e farmacéuticas.



RÚA DA GAITEIRA:

Comerciantes e mulleres que rexentaban negocios: tendeiros, taberneiras, panadeiras, forneiras e ferreiras.



PARQUE EUROPA E RÚA RÍO MONELOS:

Lavadeiras e mulleres de servizo.



PRAZA DA PALLOZA:

Pescantinas e redeiras.



PRAZA DA FÁBRICA DE TABACOS:

Cigarreiras e sindicalistas.

ITINERARIO



PARADA 1 - INICIO

Sáese da praza de Elvira Bao.



PARADA 2

Vaise pola rúa Ponte ata xirar á dereita na rúa A Gaiteira.



PARADA 3

Báixase á esquerda pola avenida de Oza e crúzase ata a rúa Río Monelos (baixando polas escaleiras do Fórum).



PARADA 4

Cóllese a rúa Nicomedes Pastor Díaz e xírase á dereita na rúa Novoa Santos. Continúase á esquerda pola avenida do Exército ata a praza da Palloza.



PARADA 5 - FINAL

Crúzase pola praza da Palloza ata a Fábrica de Tabacos

Lonxitude do roteiro: 1,6 km

Duración: 1h

“TRAFICANDO CON PEIXE E CIGARROS: MULLERES, TRABALLOS E SABERES DA CIDADE”

As coruñesas construímos a cidade traficando con peixe, cigarros, saberes e coas nosas propias vidas. Este roteiro repasa a vida e traballos de moitas, moitísimas mulleres coruñesas que caeron no esquecemento da historia e ben merecían un lugar privilexiado nesta cidade, a súa, a que elas traficaron, coas súas mans e os seus (diversos) saberes (de portas para dentro e de portas para fóra), a que crearon ao longo da súa existencia. Mulleres para outros máis que para elas mesmas, pero mulleres bravas que agora, hoxe, retoman o seu protagonismo na construción da cidade tal como ti a ves.



ONDE IR? PRAZA DE ELVIRA BAO

“Traficantas” de saberes.

***Mestras, parteiras, enfermeiras e farmacéuticas
trafican cos saberes que xeran a vida... e tamén
cos que a conservan.***

Ás mulleres asóciásenos habitualmente coa vida. De certo, os nosos corpos considéranse máquinas de xerar vida. Pero son as nosas mentes e os nosos coñecementos os que máis teñen feito por ela: produci-la, conservala, facela medrar. Ese é un dos nosos máis destacados nichos de mercado como profesionais: a saúde e a educación.

Estamos na praza de Dona Elvira Bao (1890-1971), unha mestra republicana. Ela, como María Barbeito (1880-1970), pertencen a unha xeración de educadoras que entenderon o seu traballo como unha ferramenta para mudaren a sociedade e facérena máis xusta. Representaban unha nova forma de ser muller. Autónomas, independentes, con criterio propio, mulleres vangardistas que fixeron unha Coruña máis librepensadora.

Estas mestras utilizaban os seus saberes para traballaren polo ben de todas. Unha das súas loitas foi conseguir que todas as nenas e nenos, independentemente de onde nacesen, puidesen ir á escola: que aprendesen a ler, a escribir e a pensar libremente. Elas viviron nunha época na que moita xente, e entre ela a maior parte das mulleres, non sabía ler. O seu outro grande propósito foi alfabetizar estas mulleres.

Puñan todo o seu poder e os seus coñecementos ao servizo delas, as máis vulnerables.

Outras “traficantas” dos saberes para a vida, como Elvira e María, foron as traballadoras da saúde: farmacéuticas, enfermeiras e parteiras. Todas elas son herdeiras dos saberes de meigas e curandeiras que, peneirados pola ciencia, chegaron ata nós. Estas profesionais que traballaban para manternos sas e sans eran referentes sociais e coñecedoras da intimidade das familias. A súa colaboración era indispensable, entre outras cousas, para que as mulleres puidesen manter o control sobre os seus propios corpos e aseguraren así os seus dereitos reprodutivos. Elas facilitaban métodos anticonceptivos para que as mulleres puidesen decidir cando ser ou non nais.

De entre elas na Coruña temos a honra de contar coa figura de Isabel Zandal, a primeira enfermeira sen fronteiras do mundo. Foi quen acompañou e coidou as nenas e nenos coruñeses da Expedición Balmis que viaxaron a bordo da corveta María Pita arredor do mundo a comezos do século XIX para levaren a vacina da varíola. Ela levou o tráfico de saberes que xeran vida máis alá das nosas fronteiras.

Proposta! Cando remates o percorrido, visita a escola Normal da Coruña, na rúa Paseo de Rolda 47, onde moitísimas destas mestras se formaron.



ONDE IR? RÚA DA GAITEIRA

“Traficantas” con negocio propio.

***As comerciantes foron as “gaiteiras”
que proveron de esplendor A Coruña.***

Estamos na Gaiteira, unha rúa orballada de negocios familiares rexentados por mulleres. Elas, gaiteiras!, grandes señoras donas dos seus negocios son as nosas protagonistas nesta parada.

As mulleres comerciantes foron as provedoras das súas comunidades e das súas familias. Elas, mulleres burguesas e pequeno burguesas do século XVIII e XIX, racharon coa imaxe do anxo fogar. Os seus negocios fixeron florecer A Coruña e proveron de todo canto a

xente precisaba: taberneiras, donas de ultramarinos e de casas de moda onde vestirse como un pincel, panadeiras, forneiras e mesmo ferreiras. Non había traballo que se lle resistise a unha muller. E por suposto, as responsables do comercio ao por maior: as grandes donas de fábricas (de chocolate, de coiro, de sombreiros, de salgadura etc.) e as grandes comerciantes de ultramar, expertas en traeren produtos exóticos, como o cacao de América ou o bacallau salgado do norte de Europa. Todas elas foron coruñesas e donas dos seus propios negocios.

Mais, se callar, a comerciante coruñesa máis importante, emblema de todas elas e mostra da súa bravura e arroubo, foi María Pita. A nosa heroína non o foi só por loitar contra a invasión inglesa no século XVI. Ese acontecemento da súa vida fixo que a acollésemos na historia oficial, porén borrou aos nosos ollos o resto das súas fazañas. Foi unha emprendedora como o fora súa nai, que estableceu a súa propia tenda coas súas fillas partindo dun humilde posto ambulante. Á súa morte, a tenda foi o sustento das súas fillas, María Pita e súa irmá. Con todo, tiveron que loitar polo negocio co seu pai, que ao chegar á cidade logo de moitos anos desaparecido nunha viaxe por Castela, quixo reclamar a herdanza da súa muller. Os tribunais concedéronlles ás súas fillas a razón por levantaren o negocio co seu traballo.

Por desgraza, a toda esta historia brillante de éxito e boa xestión hai que lle aplicar un veo. Na maioría dos casos estas mulleres provedoras accedían oficialmente a estes postos de mando pola ausencia dun home. Facíano ao quedar viúvas, mentres eran solteiras ou nos raros casos nos que seus pais confiaban nelas para continuaren o negocio familiar. Namentres, facían o mesmo mais baixo a sombra dun home. Fose como for, oficialmente ou “ás agochadas”, estas comerciantes, mulleres provedoras, foron as “gaiteiras” que proveron de esplendor A Coruña.

Proposta! Goza dun viño e dun petisco nunha das tabernas rexentadas por mulleres na rúa da Gaiteira e preguntalles sobre o seu traballo.



ONDE IR? **RÚA RÍO MONELOS**

“Traficantas” da auga.

Lavadeiras, augadoras e mulleres de servizo bañaban de auga A Coruña.


Aquí, á beira do río Monelos, imos falar de quen limpaba a Coruña, quen prendía o lume para quentala, quen cociñaba os banquetes cos que comía a diario, quen a bañaba de auga toda, quen coidaba as crianzas da cidade. Esas foron as mulleres que viñeron traballar ás casas.

Foron case sempre mulleres migrantes, provenientes das aldeas ata mediados do século XX e máis adiante tamén de máis alá das nosas fronteiras. Viñeron traballar e fixeron medrar a cidade construíndo os “barrios de aluvión” que rodean o centro, como este no que estamos agora.

O seu traballo descargaba das obrigas domésticas ás donas das casas ricas para que puidesen saír fóra e rexentar os seus negocios. Moitas veces entraban de nenas a traballar para a familia na que servían e permanecían con ela toda a vida. Mesmo cando non eran moitas empregadas e a señora da casa tiña que colaborar, elas facían os labores máis duros: cargar a leña e atender a cociña para manter as casas quentes, limpar o chan e os baños... Eran traballadoras dispoñibles as 24 horas.

A súa situación era moi vulnerable e precaria. De certo, a relación destas mulleres coa prostitución foi unha constante. Non era estraño que namorasen cos señoritos das casas ou cos seus compañeiros de traballo, sendo moitas delas abusadas e violadas por parte deles. Se estas “aventuras” eran descubertas expulsábanas e ficaban da noite á mañá sen recursos e repudiadas. Xa non tiñan posibilidades de entrar a traballar noutras casas. Ante esta situación, unha saída habitual era a prostitución. Non é casual que o Papagaio, barrio tradicional da prostitución coruñesa, estivese tan preto das rúas da burguesía por excelencia, a rúa Real e Os Cantóns. Alí, xusto detrás, como a cara oposta da moeda.

Mais non todas as mulleres que atendían as tarefas do fogar tiñan traballos tan escravos. Hábí algunhas profesións que daban servizos



específicos, como as augadoras, que subían dende as fontes sellas e sellas de auga ata as casas das clases adiñeiradas para encheren os depósitos, na época na que non existía auga corrente. Ou as costureiras, que de casa en casa coa máquina na cabeza cosían e remendaban os traxes que fixese falta.

Pero as verdadeiras deusas da auga eran as lavadeiras que aquí, á beira do río Monelos, lavaban as roupas da Coruña. Elas eran as encargadas de vestir de branco a cidade. Recollían a roupa nas casas e nos hospicios e levábana aos lavadoiros para limpala.

O seu traballo era duro, esixía forza, sempre molladas e dobradas, pero a cambio eran mulleres con liberdade de movementos. Pasaban o día fóra da casa e fóra do control dos homes. Ían soas ou en grupos das casas ao río a lavar, do río ao monte de Santa Margarida para clarear e secar a roupa e volta comezar. Pasaban o tempo xuntas lavando, falando e cantando para amenizar as horas de longo traballo mentres bañaban de auga A Coruña.

Proposta! Busca a ponte que cruzaba o río Monelos. Esquecida no medio da cidade, é como un interrogante xigante que nos lembra que o río pasa baixo os noso pés. Que sinais atopas na cidade que che recorden ás mulleres esquecidas pola historia?



ONDE IR? PRAZA DA PALLOZA
“Traficantas” de peixe e sabores.
As pescantinas e as redeiras traen os sabores do mar ás nosas bocas.

Se A Coruña é alguén, sen dúbida tivo que ser unha pescantina. A súa figura aparece de sempre nas estampas da cidade: con saias longas e imponentes panelas cheas de peixe na cabeza, subían erguidas peirao arriba, pola costa da Palloza camiño ás escaleiras de Santa Lucía.


As pescantinas seguen existindo hoxe. Son as mulleres que ides ver enchendo a lonxa ás seis da mañá, parando o regateo para levar o mellor peixe. Ides velas tamén nos mercados, limpando

peixe nos seus postos. Elas, “traficantas” de peixe, deron nome a esta ruta. Nun documento de 1885, Manuela Mosquera, Carmen Segade, Manuela Seijas, Pascua Pereira e Ángela Martínez solicitan permiso ao Concello para poder seguir limpando o peixe na rampla do peirao da rúa Montoto. Nel noméanas como “traficantas” de peixe. O seu tráfico é o do porto, a nosa principal industria. A Coruña existe por el e as mulleres vivimos en torno a el.

Estas mulleres ían á descarga dos barcos para poder escoller o mellor peixe capturado no día. Mercábano e ofrecíano polos mercados, polas casas e polos camiños. Mesmo collían o tren e desprazábanse ata o interior de Lugo. Vendían en plena rúa, fixese frío ou calor. Canda elas, estaban outras mulleres especializadas no comercio doutros produtos que alimentaban a xente da Coruña: as froiteiras, as leiteiras, as “traficantas” de fariña etc. En moitos casos eran mulleres do agro do contorno da cidade. Viñan vender o excedente do que producían na casa para poder gañar algo de diñeiro.

Coas achegas de todas estas mulleres configurábanse os mercados, como o da praza de Lugo. Xusto fronte a el, no peirao de Linares Rivas, estaban as outras mulleres do mar, as redeiras. Alí, preto de onde agora teñen a súa agulla xigante, había montañas de redes de cores que vestían a cidade de azul, verde e granate. Elas estendíanas, creando ríos xigantes de redes nos que ían buscando e remendando os puntos que se perderan entre lance e lance do aparello. O seu traballo leva vivo tanto como a propia pesca. Tecer redes é un traballo que esixe coñecementos e dedicación e as vellas redeiras resúltalles difícil hoxe atopar xente nova a quen deixarlle o legado dos seus saberes para que poida continuar co oficio.

Proposta! Convidámoste a ir á lonxa. Hai que se erguer cedo, pero é impresionante ver o traballo alí. Moreas e moreas de caixas de peixe de todas as especies que podas imaxinar. Un barullo de xente que ti non entendes, que se move coa súa propia orde interna.





ONDE IR? **PRAZA DA FÁBRICA DE TABACOS**
“Traficantas” de cigarros e solidariedade.
As cigarreiras fixeron da Coruña unha cidade digna e solidaria.

Nesta fábrica que tes ao teu carón fraguouse un dos maiores movementos sindicais de Galicia, exemplo de solidariedade e dignidade para outras fábricas de todo o estado. As 4.000 da Coruña, poderíamos chamalas, foi o número de cigarreiras que naquel entón, alá polo século XIX, traballaban na Real Fábrica de Tabacos.

Eran mulleres obreiras tanto da cidade como dos concellos próximos que entraban a traballar na fábrica dende pequenas. Ata que se prohibiu o traballo infantil, comezaban aos nove anos. Se eran boas, traballaban na tabacaleira ata que o corpo llelo permitía. O seu labor era elaborar a folla do tabaco que chegaba de América e outros lugares exóticos empacada en fardos xigantes. Tras un longo proceso de elaboración e de preparación da folla, compoñían con áxiles movementos cigarros e farías. A técnica que empregaban e os utensilios de traballo pasábase de xeración en xeración.

A fábrica creouse a comezos do século XIX cando a Facenda Real se decatou do gran negocio que supuña a venda de tabaco e quixo aumentar a súa produción. Para aumentar os beneficios a mellor estratexia era empregar as mulleres, que cobraban moito menos que os homes. Ademais acostumaban ser obreiras máis fieis e obedientes, porque non se podían arriscar a perder o traballo e deixar a súas familias sen sustento.

As condicións laborais das cigarreiras eran consideradas mellores que as de moitas outras obreiras, pero, mesmo así, foron denunciadas polo Médico Rodríguez. Os soldos non eran fixos pois cobraban en función da cantidade de traballo realizado.

Tiñan longas xornadas que comezaban ás sete da mañá e podían alongarse ata catorce horas. A elas había que engadir o tempo que tardaban en desprazarse dende as súas casas: en ocasións percorrían dúas horas de camiño a pé ata chegar, sobre todo as cigarreiras do agro. Traballaban amoreadas en grandes espazos húmidos e fríos, respirando continuamente o po do tabaco.

Estas condicións, a baixada dos soldos e mesmo o maltrato que sufrían por parte dos seus superiores, deron lugar a protestas dende moi cedo. As súas folgas quedaron gravadas na memoria da cidade, aínda que os medios da época as desprezasen como “bulicios mullerís”. A máis importante foi a de 1857, cando chegaron as máquinas: rexeitáronas dende o comezo porque as sometía a un ritmo de traballo inhumano que elas non podían controlar.

Máis alá destes incidentes, as cigarreiras organizáronse para reivindicar os seus dereitos constituíndo un dos sindicatos máis fortes de principios do século XX, a Unión Tabacaleira. A través dela solidarizáronse coas loitas doutros traballadores da cidade. Mesmo apoiaban economicamente as súas folgas. As cigarreiras representan para esta cidade a súa constante reivindicación de si mesmas e dos seus propios dereitos. Elas fixeron da Coruña un lugar máis digno e solidario.

Proposta! Canto gañarías se foses cigarreira? Consigue tabaco e un papel de lear. Proba a facer un cigarro. Cronométrate! Se botases oito horas traballando, cantos poderías producir? Poderías gañar a vida así?



